

«Rosalía nin foi santiña nin atea»

[Luís Pousa](#) SANTIAGO / LA VOZ [CULTURA](#)

13 ago 2012.

Andrés Torres Queiruga (Ribeira, 1940) é un deses últimos mohicanos que aínda pensa as cousas a fondo, como nos vellos tempos, antes de que o pensamento se reducise a un clic perpetuo. «Hai que fortalecer o común e concentrarse na obra, sen insistir na diferenza, senón aproveitando a súa riqueza. Temos que acabar co andazo terrible do “somos galegos e non nos entendemos?” », suxire o teólogo.

-Van xa 32 anos do seu ingreso na Academia, o que o converte no máis veterano da rúa Tabernas. ¿Como lembra aquel día?

-Para min foi unha sorpresa non esperada. Vivín ese día con ilusión, sobre todo coa idea de colaborar na nosa cultura desde unha institución como é a Igrexa, que non acaba de encontrar o seu sitio xusto.

-Tiña só 40 anos daquela, moi noviño para a media da RAG.

-Agora iso vaise normalizando. Hai xente nova e moi preparada.

-¿Cre que a Academia necesita máis sangue novo?

-Evidente. Pero sempre nesa dialéctica das idades, que marcan a continuidade fecunda da memoria do pasado coa sempre inédita aventura do porvir. O de «inmortais» xa pasou, pero as raíces son importantes.

-¿E quizais algunha académica máis?

-Máis evidente aínda. É preocupación común e tamén necesidade. Non por unha simple equiparación numérica, senón porque hoxe contamos con moitas e que están moi preparadas.

-De todos xeitos, moito ten cambiado todo nestes trinta anos, ¿non?

-Cambiou o mundo e cambiou Galicia. A Academia acentuou a súa concentración no idioma. Eu aínda oín falar castelán dentro dela. Hoxe é impensable.

-Falou vostede no seu discurso de ingreso da filosofía da saudade, ¿por que?

-Era unha vella ilusión desde os estudos en Comillas, tempos do existencialismo, co acento na angustia. Uns versos de Cabanillas: «A saudade prende lume ao luceiro da esperanza»; a amizade

e a lección de Piñeiro; e finalmente, a filosofía de Amor Ruibal animáronme a dar unha nova visión, que me parece actual, suxestiva e fecunda.

-¿É a saudade algo exclusivo dos galegos?

-Se fose algo exclusivo, deixaría de ser verdadeiramente interesante. No meu parecer, o que nós, xunto coa restante cultura lusa, podemos achegar é un matiz peculiar: un trazo orixinal nunha longa e fonda corrente que, desde o *eros* platónico, á *Sehnsucht* [nostalxia] romántica e a experiencia mística, non deixou nunca de fluír nos fondos do espírito humano.

-Dicía vostede entón que «o home é un animal saudoso». ¿Pero non quedamos en que era un animal político?

-É, por fortuna, as dúas cousas. Precisamos conxuntalas. Hegel anunciáralo xa analizando a «dialéctica da Ilustración». A tradición relixiosa nunca abandonou a tensión fecunda entre mística e profecía. Hoxe hai unha busca, difusa pero intensa, dunha «espiritualidade» non oposta pero tampouco sometida ás confesións.

-Comentou no seu discurso que Rosalía «é unha mística que non pasou da noite escura».

-Ese é un tema fascinante: Rosalía nin foi santiña nin atea. Foi unha buscadora inconformista, con dúbidas abisais e fulguracións místicas. Non encontrou nin a igrexa nin a teoloxía que lle axudasen a ver respostas axeitadas. Pero era demasiado auténtica e profunda como para resignarse.

-Vostede que é home de letras e home de Igrexa, ¿como ve o asunto este do Códice Calixtino?

-Unha excelente ocasión para o darmos a coñecer, para recordar que Galicia pode ser algo serio no mundo... e para arranxar algunhas cousas.

-¿E como van agora as súas relacións coa xerarquía eclesiástica? ¿Pasou a treboada?

-Hai calma, sería bo que continuase. Foi unha tormenta obxectivamente innecesaria e, respecto de min, simplemente inxusta. Moi outras deberían ser as preocupacións pola situación da fe no mundo e na cultura.